Impreso en papel reciclado Greenracy 100 de 80 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Alfonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 18 DE NOVEMBRO • 1999 • Nº 909 • ANO XXII • IV XEIRA •

Todo o país representado na homenaxe ao poeta e cantor en Salvaterra

Concerto de corazón para Suso Vaamonde

G.L.

Xa deran as seis da mañá. A voz de abrente de Suso Vaamonde chega entre o fume e o rumor do auditório cheo, como se aparecese das bambalinas para apresentar unha cantiga. O pavillón de Salvaterra recébeo coma o parche dun pandeiro no que repenican todas as mans. Hai mais de tres mil persoas que esperan desde as nove da noite para homenaxealo.

O numeroso público que asistiu ao acto divertiuse até pasadas as 6 da mañá. A homenaxe a Suso Vaamonde, na foto de embaixo, valeu para o re-encontro de muitos amigos despois de anos sen se ver.

Os aplausos non deixan falar a Suso, que recolle nun segundo o moito sementado en moitos anos: concertos á luz da cacharela ao pé dunha fábrica pechada, a canción que reconstrue o canizo da alianza e o entendimento nun comité de folga arrodeado durante semanas polas propostas particulares da patronal, os acordes das primeiras edicións do Festival da Poesia, as palabras dos poetas envoltas en retrouso popular, a música que abre a percepción da poesia galega de nas aulas dos colexios e dos institutos, unha noite cos viciños de Merza condenados por REDESA, pola Xunta e pola ciéncia de aluguer a viver debaixo dun tendido de 400.000 vóltios. O público identifica en Suso Vaamonde ás primeiras Voces Ceibes, a música e a poesia renovadas e xuntas despois dun longuísimo silenzo e, ao mesmo tempo, a fidelidade a aquela corazonada xenerosa, a canción que non pasa polos vestidos de moda, polas estratéxias de rebaixar a palabra, de aprazar as ideas.

Teño o becho comigo

Vaamonde é dos que coida que o mal, a enfermidade é publicábel, que non é couto privado como quer certo prexuizo pudoroso e duradoiro. "Teño o becho comigo, pero estouno combatendo e con esta axuda agora sei que vou rematar con el". Suso fala do cancro que o ten obrigado a un durísimo tratamento. A emoción pode con el cando agradece unha reunion tan grande de amigos, da mocidade e os vellos reunidos nas gradas do pavillón de Salvaterra, ser o alvo da mellor música e da mellor poesia do país xuntas nunha noite.

Polo cenário pasaron Uxia, Maria Manuela, Emílio Cao, *A Quenlla, Na Lúa, Luar na Lubre, Treixadura, Muxicas, Saraibas, As Cantareiras do Berbés, Sarabanda, Virxe da Renda, A Roda, Coral Lacedorium, Anamoura,* Tino Baz *e Folía.* Só *Berrogüeto,* polo retraso dun avión, non chegou a tempo a Salvaterra.

Antes de cada actuación falan Manuel Maria, Roberto Vidal Bolaño, Bernardino Graña, Ferrín, Pepe Cáccamo, Margarita ledo, Xosé Lois *O Carrabouxo,* Xaime Henríquez. "Unha miña filla de seis anos, Carme -di Vidal Bolaño na sua intervención- aprende a cantar na escola cunha das cancións de Suso Vaamonde. E se o fai ela, débeno estar facendo moitas máis. Poida que non sexan tantas como quixeramos; pero non importa. Vese que xa hai por aí outras voces dispostas a perpetuar a súa, a ser unha prolongación do eco, do resón que el contribuiu a pendurar nos ventos. Por cousas asi, debe ser polo que val a pena adicarse a certos labores". Manuel Maria encontra en Suso a palabra dos poetas que vai ao encontro co povo, trascendida na música e disposta a perdurar.

A relación de palabras de alento é máis extensa que as breves introducciòns de cada grupo: lembranzas de amigos, telegramas que recordan a forza da voz do cantor coma a máis importante axuda en momentos críticos. Eis unha escolma incompleta: AMI, a Asociación de Escritores, A Mesa Pola Normalización Linguistica, o BNG, a FPG, Radio-4, a Asociación de Amigos de Xoán Carballeira de Bueu, Galiza Nova, A Trabe de Ouro, o Obradoiro da História de Ordes, Galiza Nova, a CIG. ♦

A Radio envellecida

XOSÉ RAMÓN POUSA

A Radio ven de cumprir 75 anos en España e 66 de presencia en Galicia e, ainda que estaría en idade, non ten vocación de xubilarse. Pero a radio ten, iso sí, moitos achaques propios da vellez. A Radio sofre un problema de imaxe. Non posúe nen a explendidade da prensa escrita nen a modernidade da televisión, pero, coma os vellos, continúa a ser o medio máis creible pola opinión pública. A diferencia do periódico, esixe unha comprensión inmediata e, a diferencia da televisión, carece de atractivos para a xente nova nun mundo fascinado pola imaxe.

Na historia da radiodifusión española existen moitos condicionantes, derivados, fundamentalmente, da longa noite de pedra do franquismo que impuxeron un anacrónico sistema de propiedade e explotación das licencias administrativas que nen ten nada que ver coa prensa escrita nen se axusta a actual configuración do Estado. Paradoxicamente ó que acontece con outros soportes de comunicación, a radio española continúa a ser un sistema de distribución absolutamente centralizado en Madrid que apenas deixa ocos ás programacións locais e autonómicas.

Pese a que Galicia ten desde 1982 competencias plenas no campo da asignación e distribución das emisoras de frecuencia modulada, a falta de visión e as ataduras dos distintos gobernos autonómicos impediron o desenrolo dun modelo de radio comercial en servicio dos intereses de Galicia, consolidando un modelo tradicional no que nen a língua nen a opinión dos galegos teñen cabida, salvo gozosas excepcións. Unha mágoa, porque con estas eivas máis de un millón de galegos sintonizan a diario as nosas emisoras, o que demostra as posibilidades deste medio.

Na radio pública mesmo está en cuestión o carácter de servicio público que sempre caracterizou á radio. O presidente da Unión Europea de Radiotelevisión, o profesor Albert Sharf, resumiu moi ben as exencias: a programación dunha radio de servicio público impón un deber de exactitude, de fiabilidade, de obxectividade e de veracidade na difusión dos feitos, de honradez e de equidade nos comentarios, de imparcialidade en tódolos casos de controversia pública", algo tan elemental e que, sen embargo, non abonda nesta radio envellecida que padecemos. ♦

VOLVER AO REGO

Lendoiro anda que morde porque os bares da Coruña conseguen zafarse das sombras hertzianas e dan todos os Domingos o partido do Deportivo en Riazor. Para o flamante presidente "profisional" é un escándalo que se poida ver a sua equipa polo prezo dunha cocacola. Este dirixente do PP é do que pede un Deus para el e outro para os demais. Cansou de exixir liberización total do mercado futbolístico pero tira das restricións con total impunidade cando ameazan os seus benefícios. ♦